

# Xornada técnica sobre FIARE Banca Ética

a exclusión social, a cooperación ao desenvolvemento, a agroecoloxía, o comercio xusto e os valores transformadores. Trátase de poñer en mans da cidadanía o control sobre o bo uso dos seus cartos e no que a intermediación financeira dirixa os seus esforzos cara ás persoas e entidades que traballan en proxectos e actividades que xeran un impacto social positivo e rexeneran a sociedade.

## Obxectivo

Dar a coñecer ás administracións locais da provincia de Lugo as liñas de acción e o funcionamento da Banca Ética Fiare, así como a operativa bancaria que ofrece. Así mesmo, preténdese dar información e formación máis específica para todas aquelas persoas, nomeadamente traballadores de institucións públicas e corporacións municipais, que habitualmente manexan información sobre axudas e créditos a proxectos, para darlles a coñecer as ferramentas que Fiare pon a disposición neste campo.

## Público ao que van dirixidas

- Traballadores e traballadoras das institucións públicas, para que coñezan as ferramentas das que Fiare dispón para o apoio a proxectos no rural, iniciativas ecolóxicas e socialmente responsables, etc.

- Corporacións municipais da provincia de Lugo (concelleiros e concelleiras) que poidan estar interesados en alternativas á banca convencional desde a óptica dunha banca ética



Máis información

Tel.: 617 081 373

e-mail: grupolugo@fiaregz.com

# XORNADA

# técnica

Institucións Públicas / Administración Local



TRANSPARENCIA

PARTICIPACIÓN

XUSTIZA SOCIAL



O INTERESE MÁIS ALTO  
É O INTERESE COLECTIVO

TRABALLO  
EN REDE

17 outubro 2014  
10:30 h. a 13:00 h.

Salón de Actos / Deputación de Lugo

# Xornada técnica sobre FIARE Banca Ética

## Programa e poñentes

**10:30h: Recepción, inauguración e presentación** da xornada a cargo dun representante da Deputación e outro do grupo local de Fiare en Lugo.

**10:45h: A operativa bancaria de Fiare Banca Ética.**

Poñente:

**Juan Garibi**

(*Director de operacións de Fiare Banca Ética*).

**13:00h: Peche da xornada**

(un representante da Deputación de Lugo e outro do grupo local de Fiare en Lugo).

## Desenvolvemento do programa da xornada técnica

### *Características específicas de Banca Popolare Etica e de Fiare Banca Etica*

- Cooperativa por accións
- Sucursal en Estado Español
- Organización política e social

### *Datos máis representativos*

- Oficinas
- Base social
- Volúmenes
- Impacto Social

### *Controles internos e externos*

- Departamentos de control
- Auditorías de contas
- Outros certificados
- Bancos centrais

### *Formulación en España*

- Distribución (rede de oficinas)
- Obxectivos político - sociais
- Sectores de intervención
- Papel da Administración Pública

### *Produtos e servizos ofrecidos*

- Aforro
- Crédito
- Límites éticos e técnicos

### *Posibilidades de traballo cunha administración pública*

- Socia
- Cliente
- Colaboración proxectos

Na Deputación de Lugo apostamos por situar ás persoas no centro das políticas públicas, promovendo o exercicio dunha cidadanía activa e responsable e contribuíndo á eficiencia e transparencia da xestión pública.

Así o fixemos cando nos convertimos na primeira institución en España en contar cuns orzamentos participativos, incorporando ás veciñas e veciños na toma de decisións provinciais, de xeito que milleiros de lucenses, a título particular ou como membros de máis de 500 asociacións, contribuíron opinando sobre o orzamento provincial e consensuando as áreas de actuación para o 2015.

Do mesmo xeito, fomos a 1ª institución pública de Galicia e a 1ª Deputación de España en incorporar cláusulas sociais en todos os nosos contratos de obras e servizos, blindando os dereitos dos traballadores das empresas adjudicatarias e bloqueando os abusos da reforma laboral do Goberno central ó impedir convenios que non subroguen ó persoal, que baixen soldos, reduzan permisos ou aumenten a xornada laboral.

Este novo xeito de facer políticas públicas tamén pode pasar pola busca de modelos alonxados da banca convencional, o establecemento de relacións con entidades e cooperativas de crédito transparentes na súa xestión, que prioricen proxectos de impacto social positivo e que traballen, en definitiva, priorizando ás persoas.

Estas xornadas técnicas pretenden, pois, achegar á cidadanía e ás administracións a alternativa da banca ética e as ferramentas que estas ofrecen para poñerse ó servizo da sociedade a través da participación de todos na toma de decisións.

**Fiare Banca Etica** nace grazas ao impulso de persoas e organizacións que queremos construír unha cooperativa de crédito inspirada nos principios das finanzas éticas. Grazas aos depósitos de aforro financiamos proxectos vinculados á loita contra